



CAMBADOS
REGISTRO ENTRADA
2018-E-RC-5484
30/08/2018 11:57



CERTIFIC C/ ACUSE:
(30/8/2018)

Achégolle a Vde. **Padróns cobratorios do Imposto sobre Actividades Económicas, correspondentes ó exercicio 2018 do CONCELLO DE CAMBADOS**, pregando que se expoñan nese concello durante o prazo indicado no anuncio de **exposición pública e cobranza que se achega, isto é, do 6 de setembro ao 05 de outubro de 2018, ámbolos dous días inclusive**, así como o envío dos referidos anuncios ós alcaldes de barrio do municipio a fin de que os publiquen nos lugares de costume nas respectivas parroquias.

Prégolle, ó mesmo tempo, en cumprimento do disposto no artigo 24 do vixente Regulamento Xeral de Recadación (RD 939/2005, de 29 de xullo), que ordene a publicación dun deles no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e a súa remisión ó remate do período voluntario de cobranza, con dilixencia de ter sido exposto, á Tesourería da Deputación de Pontevedra - ORAL.

O Padrón, ademais de no CD-Rom que se achega, está a disposición das persoas autorizadas do Concello, en formato ACCESS, EXCEL e PDF, na web de intercambio de documentos <http://doc.oral.depo.es>.

Sen máis motivo, reciban un cordial saúdo,

Pontevedra, 22 de agosto de 2018

O tesoureiro,

P.A., A Tesoureira Accidental,

(R.P. Nº 2018012953 de data 03/07/2018)



María José Pérez Álvarez

SRA. ALCALDESA-PRESIDENTA DO CONCELLO DE CAMBADOS

ANUNCIO

CONCELLO DE CAMBADOS

EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2018

Aprobados pola Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL os Padróns cobratorios do **Imposto sobre Actividades Económicas do exercicio 2018**, comprensivos das liquidacións, poranse ao dispor do público nos locais do **CONCELLO DE CAMBADOS**, desde **o 06 setembro ao 05 de outubro de 2018, ámbolos dous días inclusive**, podendo os interesados, durante dito prazo, examinar os mesmos e presentar, no prazo dun mes, desde **o 06 de outubro de 2018**, as reclamacións procedentes consonte a dereito perante a Tesourería desta Deputación de Pontevedra - ORAL (art. 14.2 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais).

COBRANZA EN PERÍODO VOLUNTARIO DO IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS DO EXERCICIO 2018




De conformidade co previsto no art. 12 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación cos artigos 24 e 25 do Regulamento Xeral de Recadación, de 29 de xullo de 2005 (RD 939/2005), comunicaselles a os contribuíntes afectados que o período voluntario de cobranza do imposto indicado, para o **CONCELLO DE CAMBADOS**, será do **06 de setembro ao 06 de novembro de 2018** do ano que andamos, ámbalas dúas datas inclusive, **rematando o día 06 de novembro de 2018 no momento de peche da Caixa de cada oficina bancaria** (art. 19.3 do Regulamento xeral de recadación, R.D. 939/2005). Salvo pagos telemáticos ou mediante a Oficina Virtual Tributaria, nos que poderá realizarse o pagamento en tanto estean abertos.

O imposto **poderá satisfacerse**, consonte co artigo 23 e seguintes do Regulamento xeral de recadación, **a través de calquera entidade bancaria colaboradora, na Oficina Virtual Tributaria (OVT) do ORAL (<http://oral.depo.es/>) ou a través de calquera modo autorizado legalmente, empregando os instrumentos de ingreso (recibos) que se enviarán ó domicilio declarado do contribuínte por correo ordinario**. No caso de perda do devandito instrumento, o obrigado ao pagamento poderá, **ata o día 06 de novembro de 2018**, obter un duplicado nos Servizos Centrais - Servizo de Recadación (Avda. de Marín, 9. Tlf. 986 859 993 - 36071 Pontevedra) ou na Oficina Periférica correspondente.

Os contribuíntes que a **15 de outubro** non tivesen recibido nos seus domicilios os instrumentos de ingreso disporán de prazo ata o **06 de novembro de 2018** para os solicitar na oficina indicada e efectuar o pagamento nas entidades bancarias colaboradoras, posto que a non recepción non exonera da obriga do pagamento nin impide a utilización da vía de prema.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva, ao abeiro do art. 102 da Lei 53/2003 Xeral Tributaria.

O vencemento do prazo en período voluntario, sen ter sido satisfeita a débeda, determinará o comezo do procedemento executivo, a percepción da recarga correspondente e demais conceptos esixibles tal e como se fixa no art. 26, 28 e 161 da Lei 58/2003 Xeral Tributaria.

 Pontevedra, 22 de agosto do 2018
O tesoureiro,
P.A. A Tesoureira Accidental,
(R.P. Nº 2018012953 de data 03/07/2018)

María José Pérez Álvarez


PADRÓN DE 2018
CAMBIADOS

CD R 52x

76006